



ANEXO IV

BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DE EMPREGO “RESINAS DO MIÑO-AVIA”

ENTIDADE PROMOTORA: CONCELLO DE RIBADAVIA

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10, 11, 12 e 13 da ORDE do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, establecer o procedemento selectivo, o perfil, características e requisitos das persoas candidatas, as convocatorias, o baremo que se aplicará na selección de quen será contratado como DOCENTE do Obradoiro de Emprego “RESINAS DO MIÑO-AVIA” promovido pola entidade **CONCELLO DE RIBADAVIA** e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As prazas que se convocan son:

Docente de aproveitamentos forestais (2)

Docente de Educación Básica (1)

Segunda.- Funcións dos postos de traballo.

As funcións que corresponden ós postos de traballo obxecto de esta convocatoria, son:

- a) Elaborar a planificación didáctica e a planificación das avaliacións que correspondan, seguindo os criterios fixados no itinerario formativo, no certificado de profesionalidade, ou no programa específico no suposto de educación básica.
- b) Elaborar e deseñar a metodoloxía didáctica a empregar na docencia do seu módulo.
- c) Determinar de acordo coa dirección do obradoiro a implementación do itinerario formativo nas actuacións previstas pola promotora, establecendo, de selo caso, as medidas alternativas a adoptar para o total cumprimento do itinerario formativo.
- d) Realización do control, seguimento e avaliación sistemático, permanente e individualizado da evolución do alumnado do seu módulo na adquisición de formación a través da experiencia laboral.
- e) Controlar e exixir o cumprimento das medidas de seguridade e saúde previstas no estudo propio do obradoiro e no certificado de profesionalidade.
- f) Contribuír, fomentar e motivar ao alumnado a acadar un clima laboral axeitado aos obxectivos do proxecto.
- g) Aplicar na docencia principios de equidade de trato e os principios transversais de igualdade de xénero e respecto ao medio ambiente.
- h) Executar o proxecto formativo en conexión coa dirección do proxecto, planificando as actuacións e a docencia en relación co resto dos docentes do proxecto.



- i) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- j) Responsabilizarse do bo uso da ferramenta, útiles e maquinaria por parte do alumnado.
- k) Calquera outra que derive da súa actividade docente e aquelas que poda encomendarlle o director do proxecto.

Terceira.- Características do contrato de traballo.

O contrato de traballo que formalizará a entidade promotora coa persoa seleccionada, terá carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada completa, e coincidente coa duración do proxecto aprobado, agás o contrato de docente en educación básica que, en función do número de persoas que participen no seu módulo, poderá ser a tempo parcial. Para o caso de non haber alumnado que precise formación básica, non se procederá á contratación dese docente.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
- Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
- Estar inscrito/a como demandante na correspondente oficina de emprego.

b) Requisitos mínimos de acceso ao proceso de selección:

Docente de aproveitamentos forestais:

-Titulación: enxeñería ou enxeñería técnica agrícola ou forestal, licenciatura/grao en ciencias medio ambientais, bioloxía; técnico ou técnico superior da rama agraria, certificado de profesionalidade nivel 2 ou 3 na familia agraria

-Estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional, de docencia da formación profesional para o emprego, ou dalgunha das titulacións enumeradas no artigo 13.1. a) e b) do Real Decreto 34/2008, ou ben acreditar unha experiencia docente mínima de 600 horas en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego ou en calquera entidade pública ou privada.

-Acreditar unha experiencia profesional de 12 meses en ocupacións relacionadas coa especialidade programada.

Docente de educación básica:

-Titulación: Graduado que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en Educación Primaria, mestres que estean en posesión do título universitario oficial de mestre en calquera das súas



especialidades, diplomados en Profesorado de Educación Xeral Básica en calquera das súas especialidades, ou Mestres de Primeira Ensinanza.

-Experiencia mínima de 6 meses en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego ou en educación de adultos. Para o caso de non haber candidatos coa antedita experiencia, poderá prescindirse deste requisito.

En todo caso, deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de acreditarlos na data na que o grupo mixto presente a oferta xenérica de emprego.

Quinta.- Composición e funcións do grupo de traballo mixto.

De conformidade co previsto no artigo 10 da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, o grupo de traballo mixto, encargado do proceso de selección, estará integrado por catro membros; dous serán en representación da Entidade Promotora e dous representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que serán designados polo Xefe Territorial de dita Consellería en Ourense, quen ademais determinará a presidencia do grupo.

As decisións adoptaranse por maioría de votos, tendo o/a presidente/a, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.

A este grupo de traballo, que poderá estar asistido por persoal técnico, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas a selección das persoas aspirantes a ser propostos para cubrir a praza obxecto da convocatoria así como aquelas outras funcións que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Sexta.- Sistema de admisión de candidatos: oferta de emprego tramitada á oficina de emprego.

1. O sistema de recrutamento e admisión de candidato/as será o de oferta de emprego xenérica xestionada pola oficina de emprego de Ribadavia

2. Os parámetros da sondaxe serán:

a) Ámbito xeográfico:

O de actuación do proxecto. De non atoparse o número mínimo de candidatos (3) ampliarase, por este orde, ao ámbito Comarcal, ao da oficina de emprego, e finalmente ao da provincia.

b) Número de candidatos a convocar pola oficina de emprego:

- mínimo 3
- máximo 5

Se o número de candidatos excedese desta cifra máxima, a oficina de emprego poderá efectuar unha selección, excluindo ós que teñan menor experiencia en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego e, de persistir o exceso, excluírá ós que teñan menor tempo acreditado na situación de desemprego.



Sétima.- Publicidade da oferta de emprego.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de presentada a antedita oferta de emprego xenérica na oficina de emprego, poderá darlle publicidade á mesma mediante a súa exposición nos taboleiros da mesma oficina de emprego.

Asemade, para respectar o principio de publicidade, tanto estas Bases como as listaxes cos resultados do proceso de selección (provisionais e definitivas) serán expostas nos taboleiros da oficina de emprego de xestión da oferta, nos da Entidade Promotora e nas dependencias do Servizo de Orientación e Promoción Laboral de Ourense.

Oitava.- Actividades selectivas.

1.- As actividades do proceso de selección terán por finalidade determinar a persoa con maior adecuación ao posto.

1.A.- Valoración do CURRÍCULO.

A oficina de emprego de xestión da oferta citará ás persoas candidatas na data, lugar e hora acordado co grupo mixto.

Na carta de convocatoria debe constar que as persoas candidatas teñen que presentarse co seu currículo asinado e debidamente documentado, a súa vida laboral actualizada e un escrito asinado onde se enumere a documentación que se achega e se autorice ao grupo mixto a publicar os seus datos (nome e apelidos, DNI) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso.

Asemade, a persoa candidata formulará no seu currículo a autorización para utilizar os seus datos (nome e apelidos, DNI) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso. Pode decidir que se empregue solo un deles.

A puntuación total máxima é de ata 8 puntos.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan:

*** Titulación:**

Valorarase a titulación académica oficial do seguinte xeito:

- FP II ou equivalente, FP Ciclo Superior: 0,30 puntos
- Diplomatura universitaria: 0,50 puntos
- Master universiotario:0,50
- Licenciatura/ Grao universitario ou equivalente: 0,75 puntos
- Doutorado: 1 punto

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos

**** Experiencia profesional:**



a) Experiencia en funcións docentes, en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego nos últimos cinco anos: 0,30 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

b) Experiencia en funcións docentes e profesionais relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea ou propia: 0,30 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- Traballo por conta allea: contrato de traballo e/ou recibos de salarios e vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (sempre que desta se deduza a categoría profesional desempeñada), así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da duración da súa experiencia profesional e da categoría profesional.
- Traballadores autónomos ou por conta propia: mediante vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (na que figure o epígrafe de cotización no Réxime Especial de Autónomos) e xustificante de alta de actividades económicas/obrigados tributarios/ colexio profesional, xunto co último recibo de pagamento.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

*** Formación complementaria e coñecemento do idioma galego:

En todo caso, a formación deberá estar relacionada coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorará a que teña unha duración igual ou superior a trinta horas lectivas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non será obxecto de valoración. Se se acreditasen dous ou máis cursos sobre a mesma materia, soamente se computará o de nivel superior.

- De 30 a 59 horas lectivas: 0,10 puntos
- De 60 a 99 horas lectivas: 0,20 puntos.
- De 100 a 300 horas lectivas: 0,30 puntos
- De mais de 300 horas lectivas: 0,40 puntos.

A formación completa en metodoloxía didáctica, aptitude pedagóxica, formador de formadores, formador ocupacional, docencia de formación profesional para o emprego, coa acreditación expedida polo organismo oficial correspondente: 0,40 puntos.

En relación ao coñecemento do idioma galego valorarase:

- Curso de iniciación: 0,05 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,10 puntos



Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Consellería responsable de Política Lingüística. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o de grao superior.

A puntuación máxima do apartado de Formación será de ata 2 puntos.

O grupo mixto procederá a súa valoración e realizará a listaxe de admitidos coas puntuacións provisionais do currículo e da entrevista, e os excluídos, de selo caso.

A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego, da Entidade Promotora e do Servizo de Orientación e Promoción Laboral de Ourense.

Na acta provisional constará un prazo de tres (3) días naturais para os efectos da presentación de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamación presentaranse preferentemente no rexistro da entidade promotora, na oficina de emprego de xestión da oferta ou no rexistro da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo, Av. Habana 79, en Ourense).

Rematado o prazo de reclamacións, o grupo mixto de traballo procedera a resolvelas na acta definitiva do proceso.

Esta acta pon fin a vía administrativa e daráselle publicidade mediante a súa exposición pública nos anteditos taboleiros.

1.B.- Á Entrevista Persoal corresponderalle unha puntuación máxima de 4 puntos

Novena.- Puntuacións finais. Contratación.

De conformidade co previsto na base Oitava, finalizado e cualificado o proceso de selección, o grupo mixto de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego resultado da suma dos apartados de valoración do currículo e da entrevista persoal.

Ditas puntuacións non poden superar os 12 puntos en total, e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa contratación pola entidade promotora.

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo grupo de traballo mixto atendendo á maior puntuación final e tendo en consideración o previsto no parágrafo seguinte.

A persoa proposta deberá estar dispoñible para ser contratado na data de inicio do obradoiro que propoña a Entidade Promotora. De non ser o caso, e logo da oportuna comunicación, procederase á contratación da seguinte persoa da listaxe con maior puntuación.

Serán obxecto de exposición pública nos taboleiros anteditos as puntuacións finais e o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora.

O grupo mixto poderá determinar unha lista de reserva integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fase de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta lista, que se empregará para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciado o proxecto, terá validez durante toda a duración do obradoiro.



Décima. Criterios para dirimir empates.

Para resolver os posibles empates entre as puntuacións finais empregaranse ós seguintes criterios:

- 1) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 2) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- 3) A puntuación obtida no apartado de formación complementaria.
- 4) A maior permanencia en desemprego sen actividade.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións.

Segundo o artigo 13 da Orde de convocatoria as incidencias e reclamacións que se puideran suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego, para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e os traballadores seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, polo que non será precisa oferta de emprego público previa.

Ourense, 4 de setembro de 2018

Representantes da Entidade Promotora

José Iván Martínez Arias

Noemí Alonso Cubo

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense

Teresa Puga Iglesias



Mª del Mar Añel Pollos